



RESOLUCIÓN do 16 de xuño de 2026, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da Dirección Xeral de Innovación e Ordenación Educativa e da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a xornada semanal do persoal docente no curso académico 2026/27

Os sistemas educativos máis avanzados deben proseguir o seu proceso de evolución e planificación conforme aos principios de calidade, equidade, inclusión e aprendizaxe ao longo da vida, co propósito de asegurar o pleno exercicio do dereito fundamental á educación.

No marco da planificación do curso 2026/2027, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional continúa a adaptar o sistema educativo galego para asegurar a mellor prestación posible do servizo público educativo. Faino reforzando de maneira coherente os principios que orientan a acción pública e de acordo cos criterios de eficiencia e eficacia na xestión dos recursos públicos. Esta adaptación estrutural realízase no contexto das reformas impulsadas polo Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre melloras no funcionamento do sistema educativo e nas condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asinado orixinalmente por CCOO Ensino, ANPE e UGT-SP e coa posterior incorporación de CSIF o 9 de decembro de 2025.

A concreción destas novas medidas implica a elaboración dunha futura norma en materia de horario do profesorado, así como a derogación parcial da normativa vixente neste ámbito.

Non obstante, mentres non se elabore o novo marco normativo, e derogada a Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e, por conseguinte, tamén a súa modificación na Orde do 4 de xuño de 2012, na disposición derogatoria da orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2026/27 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia; xunto coa derogación de diferentes artigos relacionados cos horarios docentes das ordes polas que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos regulamentos orgánicos dos centros e das ordes que regulan certas coordinacións é preciso ditan instrucións para que os centros poidan configurar os horarios do seu profesorado durante o curso 2026/27, polo que

RESOLVEMOS:





Primeiro. *Xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e educación primaria*

1. A xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas de educación infantil e de educación primaria configurarase do seguinte xeito:

Categoría		Duración
Presenza no centro	Carácter lectivo	23 horas
	Carácter non lectivo	5 horas
Non obrigada presenza no centro		9,5 horas
Total		37,5 horas

2. As gardas, as gardas de recreo e as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que remata a actividade lectiva ata a saída do transporte escolar computarán na parte do horario con carácter lectivo.

Nas gardas de transporte escolar, o número de docentes de garda será de un por cada cincuenta alumnas/os ou fracción.

A duración da garda de transporte será o tempo imprescindible entre a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades lectivas do alumnado ata a saída do transporte escolar.

3. O horario de carácter non lectivo con presenza no centro poderá destinarse, ademais de ás actividades determinadas nos regulamentos orgánicos dos centros, a funcións relacionadas con coordinacións e dinamizacións, sesións de avaliación, gardas que non teñan carácter lectivo, entre outras.

4. O horario de non obrigada presenza no centro destinarase ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.



Segundo. *Xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas da educación básica para persoas adultas, educación secundaria, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas*

1. A xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas da educación básica para persoas adultas, de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas configurarase do seguinte xeito:

Categoría			Duración	
Permanencia no centro	Fixas	Lectivas	18 sesións	23 sesións
		Complementarias	5 sesións	
	Non fixas			7 horas
Non obrigada permanencia no centro				7,5 horas
Total				37,5 horas

A duración das sesións refírese á duración dos períodos lectivos establecidos nos horarios para cada tipoloxía de centro e/ou ensinanza no curso 2025/26.

2. O profesorado completará, con carácter xeral, a parte lectiva da xornada mediante docencia directa co alumnado. Para estes efectos, considerarase docencia directa:

- A docencia das materias, disciplinas, ámbitos e/ou módulos da especialidade docente.
- A tutoría presencial co alumnado do seu grupo, de ser o caso.
- A docencia de materias afíns.
- A intervención directa con alumnado das/os especialistas en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe.
- As funcións de orientación propias da especialidade en orientación educativa.
- O apoio, a codocencia e os desdobramentos de grupos, preferentemente en materias da súa especialidade docente ou en materias afíns. Con carácter prioritario, o centro desenvolverá estas actuacións nas materias, disciplinas, ámbitos e/ou módulos e nos grupos máis numerosos, especialmente de impartirse en aulas-taller, laboratorios e/ou outros espazos singulares de traballo, ou naqueles grupos que presenten un maior rateo de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Neste contexto entenderase por codocencia a intervención simultánea de dous docentes na mesma sesión lectiva, sen que isto implique a cotitularidade da materia nin a responsabilidade compartida na súa programación, seguimento e avaliación.

3. Excepcionalmente, cando a distribución horaria das materias propias do departamento o requira, poderá acadarse un máximo de 20 sesións lectivas. Compensarase cada período que



exceda das 18 mediante sesións complementarias, con cargo ás de carácter fixo, e, de non resultar suficientes, ás de carácter non fixo, do seguinte xeito:

- a) 19 sesións lectivas e 2 sesións complementarias fixas (unha delas será a sesión de tutoría para atención de nais, pais, representantes legais e alumnado).
- b) 20 sesións lectivas e 0 sesións complementarias fixas. Ademais a parte de horario complementario non fixo será de 6 sesións (unha delas será a sesión de tutoría para atención de nais, pais, representantes legais e alumnado).

No caso de impartir materias afíns, só poderán superarse as 18 sesións lectivas coa conformidade do profesorado afectado.

O Servizo Territorial de Inspección Educativa deberá autorizar esta medida excepcional.

4. As 5 sesións complementarias de permanencia fixa estarán distribuídas do seguinte xeito:

- a) 1 sesión de tutoría para atención de nais, pais, representantes legais e alumnado. No caso de que non existan citas previamente concertadas na semana, a dirección do centro asignará ao profesorado a realización doutras funcións non lectivas durante ese período.
- b) 4 sesións para realizar gardas e/ou outras funcións non lectivas segundo determine a dirección do centro.

As gardas, as gardas de recreo e as gardas para custodiar ao alumnado no período de tempo que transcorre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que remata a actividade lectiva ata a saída do transporte escolar computarán na parte do horario complementario de permanencia fixa.

A duración da garda de transporte será o tempo imprescindible entre a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que rematan as actividades lectivas do alumnado ata a saída do transporte escolar.

5. As 7 sesións de permanencia non fixas destinaranse principalmente a actividades relacionadas con:

- Reunións de departamento didáctico, de equipos docentes, de equipo directivo, de órganos colexiados, ou calquera outro tipo de reunión de coordinación.
- Sesións de avaliación.
- Actividades de coordinación pedagóxica.
- Instrución de expedientes de corrección de condutas e instrución e participación noutros protocolos educativos.





- Tutorías para a atención de nais, pais, representantes legais e alumnado, actividades de orientación ao alumnado.
- Mantemento de laboratorios, talleres, aulas e/ou espazos do centros.
- Preparación de prácticas de laboratorio, talleres ou semellantes.
- Coordinacións e dinamizacións de plans e proxectos do centro.
- Actividades complementarias co alumnado e extraescolares.
- Tutorización ou mentoría de profesorado en prácticas.
- Traballos e participación en proxectos institucionais nos que intervén o centro.
- Asistencia a actividades de formación programadas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Outras actividades relacionadas coa actividade do centro como poden ser o seguimento de prácticas en empresas, entrevistas e reunións con organismos ou axentes externos establecidas na programación xeral anual, ou que a dirección do centro estime oportunas.

A asistencia ás reunións, ás sesións de avaliación ou a calquera das actividades relacionadas neste punto 5 debidamente convocadas, incluídas as de tipo telemático, terá carácter obrigatorio e, polo tanto, efectos para o cómputo de faltas de asistencia e permisos.

6. As 7 horas e media de non obrigada permanencia no centro destinaranse ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes, así como a realización doutras actividades inherentes á función docente.

Terceiro. Asignación horaria a outras tarefas realizadas polo profesorado

1. Os membros do equipo directivo dos IES e das EPAPU, segundo a tipoloxía de centro, disporán, como máximo, segundo a dispoñibilidade de profesorado do centro, das seguintes sesións que contarán na parte lectiva do seu horario:



Tipo centro	Cargo	Sesións lectivas máximas dedicadas ao cargo
A	Dirección	16
	Xefatura estudos	16
	Secretaría	16
	Vicedirección	8
B	Dirección	14
	Xefatura estudos	14
	Secretaría	14
	Vicedirección	8
C	Dirección	11
	Xefatura estudos	11
	Secretaría	11
	Vicedirección	8
D1	Dirección	11
	Xefatura estudos	11
	Secretaría	11
	Vicedirección	3
D2	Dirección	8
	Xefatura estudos	8
	Secretaría	8
	Vicedirección	3

O tipo de centro recollido na táboa anterior corresponde á clasificación establecida polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de setembro de 2002 para os centros docentes públicos non universitarios.

2. Os membros do equipo directivo dos CPI, segundo o número de unidades do centro, disporán, como máximo, segundo a dispoñibilidade de profesorado do centro, das seguintes sesións que contarán na parte lectiva do seu horario:

Tipo de CPI	Cargo	Sesións lectivas máximas dedicadas ao cargo
26 ou máis unidades	Dirección	14
	Xefatura estudos	8
	Secretaría	14
12 a 25 unidades	Dirección	11
	Xefatura estudos	8
	Secretaría	11
11 ou menos unidades	Dirección	8
	Xefatura estudos	5
	Secretaría	8

Cando exista xefe/a de estudos de educación de adultos disporá de ata 3 períodos lectivos como máximo no seu horario.

3. As xefaturas de departamento dos IES, dos CPI e das EPAPU disporán, como máximo, segundo a dispoñibilidade de profesorado do centro, das seguintes sesións:

a) As xefaturas de departamento unipersoais disporán de 1 sesión complementaria fixa para realizar as funcións do cargo.



b) O resto de xefaturas de departamento: 1 sesión lectiva semanal e sesións complementarias fixas, no seu caso, a determinar polo centro.

En departamentos de maior dimensión (15 ou máis membros), a asignación determinarase pola dirección do centro atendendo a criterios obxectivos como o volume de profesorado, especialidades e funcións asumidas.

4. Recoñécese o seguinte réxime de asignacións horarias vinculadas ao desempeño de funcións de coordinación, programas e responsabilidades organizativas nos IES e para o persoal docente de secundaria nos CPI e nas EPAPU:

a) Coordinación de convivencia e benestar: 2 sesións lectivas e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección polo centro, cun mínimo de dúas.

b) Coordinación de programas plurilingües: 1 sesión lectiva.

c) Coordinación de centros plurilingües: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

d) Coordinación de seccións bilingües: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

O resto de profesorado participante na sección bilingüe: 1 sesión complementaria fixa.

e) Coordinación de biblioteca escolar (PLAMBE): 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

Poderá designarse profesorado colaborador como equipo de bibliotecas con asignación de sesións complementarias fixas.

f) Responsable de biblioteca (non PLAMBE): 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

Poderá designarse profesorado colaborador como equipo de bibliotecas con asignación de sesións complementarias fixas.

g) Coordinación do equipo de dinamización de lingua galega: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar polo centro, cun mínimo de dúas.

h) Coordinación das TIC: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro. En centros de ata 150 alumnas/os asume as funcións vinculadas a E-Dixgal.

Poderá designarse profesorado colaborador como equipo TIC con asignación de sesións complementarias fixas.



i) Coordinación de E-Dixgal (en centros con máis de 150 alumnas/os no programa): 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

Poderá designarse profesorado colaborador como equipo TIC con asignación de sesións complementarias fixas.

j) Coordinación de Polos Creativos: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

k) Coordinación de STEMBACH: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

l) Coordinación de programas internacionais: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

m) Coordinación do Club de Ciencias: 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

n) Coordinación do equipo de actividades complementarias e extraescolares (nos centros sen vicedirección): 1 sesión lectiva e 2 sesións complementarias fixas.

ñ) Coordinación de formación do profesorado: sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

o) Coordinación de formación en centros de traballo (FCT): 1 sesión lectiva e sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

p) Representantes do profesorado no Consello Escolar: sesións complementarias fixas a determinar pola dirección do centro.

5. O profesorado titor de grupos da ESO, FPB e bacharelato, así como de ensinanzas de formación profesional, nos IES e CPI disporá de 1 sesión de tutoría sen alumnado, que contará na parte lectiva do seu horario, para o desempeño das funcións de tutorización.

6. Recoñécese a autonomía dos centros para a determinación das sesións complementarias fixas, que se realizarán en base a criterios obxectivos e organizativos, procurando o equilibrio de responsabilidades entre todos os membros do claustro e garantindo que esta asignación permita un funcionamento eficiente do centro e unha adecuada cobertura das gardas. No mesmo sentido, aqueles centros que contan cunha elevada oferta educativa de Formación Profesional disporán de autonomía para modificar estas asignacións horarias atendendo ás necesidades específicas destas ensinanzas.



7. Con carácter xeral, os centros docentes procurarán unha distribución equilibrada das tarefas e responsabilidades docentes, evitando a acumulación nunha mesma persoa das funcións de xefatura de departamento, titoría, coordinación ou outras responsabilidades organizativas.

Non obstante, atendendo ao tamaño do centro ou a outras circunstancias organizativas debidamente xustificadas, a inspección educativa poderá autorizar, con carácter excepcional, a acumulación das devanditas funcións, sempre que isto non supoña un incremento de profesorado. Nestes casos, tamén poderán acumularse as asignacións horarias previstas nesta resolución para o seu desempeño.

Cuarto. *Forma de completar o horario lectivo*

O persoal docente en cuxo centro non existira horario lectivo completo da súa especialidade docente ou de materia para a que teña competencia docente, poderá optar por completar a súa xornada lectiva noutro centro da localidade, de acordo coa súa especialidade ou competencia docente, ou no propio centro, impartindo materias afíns á mesma ou apoio e/ou codocencia conforme ao punto Segundo.2.

Quinto. *Rexistro do horario docente na aplicación XADE*

Os centros rexistrarán o horario docente do seu profesorado respectando as *Instrucións para a configuración do horario do profesorado na aplicación XADE* dispoñibles no menú de axuda do aplicativo.

Asinado electronicamente

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

A directora xeral de Innovación e Ordenación Educativa

Judith Fernández Novoa

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

